

ACORDOS DO COMITÉ DE XIMNASIA RÍTMICA

Ourense, 03 de Decembro do 2024

1. **NORMATIVAS AUTONÓMICAS 2025.**

Trala publicación da normativa nacional de Base RFEG para 2025 procédese a facer as adaptacións oportunas as normativas autonómicas 2025, as cales se adxuntan modificadas a esta acta:

- Normativa Escolar Individual
- Normativa Escolar Conxuntos
- Normativa Promoción
- Normativa Prebase

2. **PROPOSTAS E PREGUNTAS.**

Trala execución do proxecto de tecnificación de ximnasia rítmica e dado que todavía hai presuposto sen executar por un importe de 1.435 € o comité acorda propór a realización dunha xornada de adestramento dirixida as ximnastas dos anos 2013-2012-2011-2010, elexidas previamente polo comité autonómico a través do envío dun vídeo con diferentes dificultadas corporais. O obxectivo da mesma é citar a novas ximnastas que poderían participar nos controis de Idade Escolar e Copa da Raíña no 2025 e formar parte do equipo de Galicia nun futuro, posto que a estas idades non hai moitas ximnastas para poder formar equipo a medio e longo prazo. A xornada realizaríase nas vacacións de decembro, aproveitando que as ximnastas non teñen curso académico, lugar a determinar e serían un máximo de 15 ximnastas en xornada de mañá e tarde. A técnico que dirixirá o adestramento será Dna. Izaskun Hernáez e o resto do comité autonómico estará presente para avaliar as ximnastas que poderán entrar no grupo de seguimento.

Infórmase que na vindeira reunión de Comité, que se celebrará en xaneiro do 2025, trataranse os proxectos de tecnificación para 2025 unha vez aprobados os orzamentos en Asamblea.